

BANDO

Veciños e veciñas:

Hai máis dun século, as Irmandades da Fala instituíron o 25 de xullo como Día da Patria Galega.

Fixérono porque entendían que Galiza precisaba unha xornada na que recoñecerse como pobo, fortalecer a súa conciencia colectiva e facer visibles os símbolos dunha identidade compartida.

Castelao chamou ao 25 de xullo a Festa Maior de Galiza. Máis de setenta anos despois, poucas expresións explican mellor o significado desta celebración.

Hoxe, desde Arzúa, celebramos con orgullo sermos parte dun pobo que, xeración tras xeración, soubo manter viva a súa lingua, enriquecer a súa cultura, coidar a súa terra e transmitirnos unha maneira propia de estar no mundo.

Celebramos a Galiza que herdamos.

E asumimos a responsabilidade de deixarles ás xeracións que veñan unha Galiza viva, dona de si e da que tamén poidan sentirse orgullosas.

Desexo que vivades este Día da Patria Galega con alegría. Que Arzúa se vista de branco e azul; que a bandeira de Galiza ondee nas fiestras, nos balcóns e nas fachadas; que a nosa lingua encha as rúas e as

prazas; que a música, o baile e a cultura popular nos reúnan; e que compartamos mesa, conversa e festa coa familia, coas amizades e coa veciñanza.

Que cada un destes xestos exprese, con naturalidade e orgullo, a nosa pertenza a Galiza.

Que Arzúa celebre, un ano máis, a Festa Maior de Galiza.

Que teñades un feliz Día da Patria Galega.

Viva Arzúa. Viva Galiza.

Xoán Xesús Carril Ramos

Alcalde de Arzúa